



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA POLA QUE SE DECLARA LOITO OFICIAL POLO PASAMENTO DA MENOR LUCÍA DOMÍNGUEZ SINGHSAWAT

Como testemuño do pobo de Ares polo falecemento da menor Lucía Domínguez Singhsawat, veciña de Chanteiro, e co desexo de transmitir o máis sentido pésame á súa familia e achegados,

Facendo uso das atribucións que me confire o art. 21 da Lei 7/85 de 2 abril, Reguladora das Bases do Réximen Local,

RESOLVO

PRIMEIRO. Declarar tres días de loito oficial a contar desde a sinatura deste decreto, desde as 00,00 horas do día 29 de outubro até as 23,59 horas do día 31 de mes de outubro, durante os cales as bandeiras, en todos os edificios municipais, ondearán a media hasta.

SEGUNDO. Mostrar a condolencia e solidariedade deste Concello e de todos os veciños de Ares á familia de Lucía Domínguez Singhsawat.

TERCEIRO. Suspende todos os actos públicos oficiais organizados polo Concello de Ares, durante o tempo que dure o loito oficial.

A Corporación Municipal expresa o seu máis sentido pésame e condolencia á familia e amigos, pola perda do seu ser querido.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

